



Ramiro Fonte, segundo pola esquerda, xunto a Xulio Valcárcel, Pepe Cáccamo, Xabier R. Barrio, Xabier Baixeras e Pilar Pallarés, nun recital poético presentado por Xosé Ramón Fandiño na Feira do Libro de Santiago en 1993. | Ramiro Fonte, segundo por la izquierda, junto a Xulio Valcárcel, Pepe Cáccamo, Xabier R. Barrio, Xabier Baixeras y Pilar Pallarés, en un recital poético presentado por Xosé Ramón Fandiño en la Feria del Libro de Santiago en 1993.

Ramiro Fonte e os seus libros Ramiro Fonte y sus libros

Xosé Ramón FANDIÑO

É fácil adentrarse na infancia de Ramiro Fonte, que naceu en Pontedeume en 1957, a vila que foi para el un claro referente vital e un caudal inesgotable de nostalxias. Tiña xa dez libros de poesía editados, era xa un poeta consagrado, cando en 2003 publicou *Os meus ollos* (Premio de creación literaria Losada Diéguez), primeiro tomo da triloxía titulada *Vidas de infancia*, que se completou con *Os ollos da ponte* (2004) e *As pontes no ceo* (2007), nas que Ramiro nos deleita cuns relatos nos que descifra a súa infancia: a veciñal Praza das Angustias, as Hijas de la Natividad de María, que non eran monxas, que eran as señoritas do colexio da Grande Obra de Atocha, a interpretación da melodía do Paso, a peza mestra da alma musical dos eumeses, que foi executada como último adeus a Ramiro unha tépida tarde de outubro de 2008, en Pontedeume, que nos deixou unha insoportable sensación de cousa inxusta e prematura porque sucedeu no momento en que Ramiro gozaba en plenitude da “luz do mediodía”.

Es fácil adentrarse en la infancia de Ramiro Fonte, que nació en Pontedeume en 1957, la villa que fue para él un claro referente vital y un caudal inagotable de nostalgias. Ya tenía diez libros de poesía editados, era ya un poeta consagrado, cuando en 2003 publicó *Os meus ollos* (Premio de creación literaria Losada Diéguez), primer tomo de la trilogía titulada *Vidas de infancia*, que se completó con *Os ollos da ponte* (2004) y *As pontes no ceo* (2007), en las que Ramiro nos deleita con unos relatos en los que descifra su infancia: la vecinal Plaza de las Angustias, las Hijas de la Natividad de María, que no eran monjas, que eran las señoritas del colegio de la Grande Obra de Atocha, la interpretación de la melodía de El Paso, la pieza maestra del alma musical de los eumeses, que fue interpretada como último adiós a Ramiro una tibia tarde de octubre de 2008, en Pontedeume, que nos dejó una insoportable sensación de cosa injusta y prematura porque sucedió en el momento en que Ramiro gozaba en plenitud de la “luz del mediodía”.

O neno de Atocha medra e ingresa no colexio público “Escola de Orientación Marítima, El Hogar del Pescador”, arredor do cal orbitaba a vida do peirao: os mariñeiros, as peixeiras. Os mestres don Pablo Díaz Novo, laico e republicano arrependido, e don Álvaro Vázquez Penedo, falanxista confeso, aplicaban a máxima de que a letra con sangue entra, que era sino dos tempos. Entraba ás nove e media e saía a unha e media para xantar. Por eses anos, unha tarde súa nai leulle uns escritos de la nun caderniño de nena de Atocha e ese día Ramiro caeu no convencemento de que se súa nai fora quen de crear aquelas frases claras e vivas no caderno escolar, nada lle impediría a el abordar unha tarefa semellante. Outro momento máxico na infancia eumesa de Ramiro Fonte foi o descubrimento de Rosalía de Castro —que el mesmo nos conta no poema “Unha fotografía” (*O cazador de libros*, 1997)—, un día no que, despois de xantar, seu pai lelles a Rosalía e, nese intre, tal vez sen el sabelo, esperta a súa vocación de poeta.

Desde a perspectiva familiar, os fados reservábanlle a Ramiro o mesmo oficio que desempeñaba o seu proxenitor, pero as cousas viráronse e Ramiro, neno ao que lle gustaba ler libros coma o da lenda de *Rojín Rojal o el paje de los cabellos de oro*, preferiu os estudos de bacharelato aos da escola de aprendices de Bazán. Así, a familia Fonte Crespo trasládase a vivir ao barrio de Caranza, de “poética realista”. Os pais pensaban que vivir en Ferrol ofreceríalle aos fillos un maior abano de posibilidades, e tamén así o pai liberábase da pesada viaxe de ida e volta diaria no autocar El Ideal Gallego e do madrugón que se pegaba para poder estar ás oito menos cuarto no estaleiro. Ferrol está moi presente na poesía de Ramiro e sempre recordaba que por esta cidade á que lle profesaba un enorme cariño, entraron en Galicia as ideas da ilustración e do liberalismo. E no calendario de visitas familiares a Pontevedra nunca faltaba a “peregrinación” anual no solsticio de inverno ao faro de Cabo Prior.

As cancións da infancia, pois Ramiro naceu no seo dunha familia cantadora, “son seguramente os mananciais en que naceu o río da miña poesía”. As grandes voces da súa casa eran a da súa nai e da irmá maior e Ramiro foise incorporando ao coro familiar, que interpretaba un amplo repertorio de habaneras, cantigas populares, anacos de zarzuela e pezas xenuinamente eumesas. E foi esta de cantor unha vocación que non abandonou nunca, pois en Vigo cantaba en todas as reunións de amigos e formaba agrupación musical cos irmáns García Suárez.

En 1975 chegou a Santiago para cursar a carreira de Filosofía e mergullouse de cheo no ambiente estudantil e político e deuse a coñecer como poeta en 1977 no libro colectivo *Cravo*

El niño de Atocha crece e ingresa en el colegio público “Escuela de Orientación Marítima, el Hogar del Pescador”, en torno al cual giraba la vida del puerto: los marineros, las vendedoras de pescado. Los maestros don Pablo Díaz Novo, laico y republicano arrependido, y don Álvaro Vázquez Penedo, falangista



Ramiro Fonte cos seus amigos de infancia o día da súa primeira comunión.

| Ramiro Fonte con sus amigos de infancia el día da su primera comunión.

confeso, aplicaban la máxima de que la letra con sangre entra, que era sino de los tiempos. Entraba a las nueve y media y salía a la una y media para comer. Por esos años, una tarde su madre le leyó unos escritos de un cuaderno de niña de Atocha y ese día Ramiro cayó en el convencimiento de que si su madre fuera capaz de crear aquellas frases claras y vivas en el cuaderno escolar, nada le impediría a él abordar una tarea semejante. Otro momento mágico en la infancia eumesa de Ramiro Fonte fue el descubrimiento de Rosalía

de Castro —que él mismo nos cuenta en el poema “Unha fotografía” (*O cazador de libros*, 1997)—, un día en el que, después de comer, su padre les leyó a Rosalía y, en ese momento, quizá sin él saberlo, despierta su vocación de poeta.

Desde la perspectiva familiar, los hados le reservaban a Ramiro el mismo oficio que desempeñaba su progenitor, pero las cosas se torcieron y Ramiro, niño al que le gustaba leer libros como el de la leyenda de *Rojín Rojal o el paje de los cabellos de oro*, prefirió los estudios de bachillerato a los de la escuela de aprendices de Bazán. Así, la familia Fonte Crespo se traslada a vivir al barrio de Caranza, de “poética realista”. Los padres pensaban que vivir en Ferrol le ofrecería a los hijos más posibilidades, y también así el padre se libraba del pesado viaje de ida y vuelta diario en el autocar “El Ideal Gallego” y del madrugón que se pegaba para poder estar a las ocho menos cuarto en el astillero. Ferrol está muy presente en la poesía de Ramiro y siempre recordaba que por esta ciudad a la que le profesaba un enorme cariño, entraron en Galicia las ideas de la ilustración y del liberalismo. Y en el calendario de visitas familiares a Pontevedra nunca faltaba la “peregrinación” anual en el solsticio de invierno al faro de Cabo Prior.

Las canciones de la infancia, pues Ramiro nació en el seno de una familia cantadora, “son seguramente os mananciais en que naceu o río da miña poesía”. Las grandes voces de su casa eran la de su madre y la de su hermana mayor y Ramiro se fue incorporando al coro familiar, que interpretaba un amplio repertorio de habaneras, cantigas populares, trozos de zarzuela y piezas genuinamente eumesas. Fue ésta de cantor una vocación que no abandonó nunca, pues en Vigo cantaba en todas las reuniones de amigos y formaba agrupación musical con los hermanos García Suárez.



Ramiro Fonte rodeado por dous amigos de mocidade en Pontedeume. |
Ramiro Fonte rodeado por dos amigos de juventud en Pontedeume.

En 1975 llegó a Santiago para cursar la carrera de Filosofía y se involucró de lleno en el ambiente estudiantil y político y se dio a conocer como poeta en 1977 en el libro colectivo *Cravo Fondo* (Ed. Follas Novas), que reaccionaba contra la poesía social dominante, que quería canalizar a través del discurso poético algún tipo de revolución social o política. La triada iniciadora del proyecto fueron Xesús y Xulio Valcárcel y Ramiro Fonte. Ellos fueron los redactores del manifiesto que precede a los textos poéticos, que remata con la consigna: “Por Galicia, pola poesía, Cravo Fondo, verba nova para unha terra ceibe”. Luego se adhirieron Fiz Vergara Vilariño, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar y Xavier Rodríguez Barrio. En opinión de Xesús Valcárcel, compañero de experiencia, “xa daquela Ramiro tiña unha enorme vocación literaria. No libro *Cravo Fondo* Ramiro anuncia a chegada dun poeta chamado a cristalizarse como escritor”. Era tal su pasión por la poesía que el acto de creación o la lectura de sus poetas favoritos: Luis Cernuda, Baudelaire, César Vallejo, Machado, Rubén Darío, Pimentel, Cabanillas y siempre Rosalía (“poeta enteiramente insobornable”), podían acercarlo a estados de intensa emoción e hipersensibilidad.

Fue miembro del consejo de redacción de la revista *Bona-val*. En el nº 0, el único que salió a la calle, publicó una nota introductoria a la *Doutrina da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal*, en seis capítulos, texto recuperado de Vicente Risco. En

O irmán que era de todos El hermano que era de todos

Perfecto CONDE

Ramiro Fonte era unha fonte limpa pola que non só manaba poesía. Tamén corría por ela o amor á xente, ás paisaxes, ás cousas, ao país e ao mundo enteiro. Lembrareino sempre como aquel rapazote ledo e pescudante que acostumaba aparecer a diario pola miña casa cando eu vivía na Porta Faxeira de Santiago e el empezaba a ser o gran poeta e narrador que tivo tempo a facerse a pesar de que a morte o levou pronto deste mundo.

Acodía decote acompañado polo que daquela era outra promesa da literatura e que, tamén coma el, se convertiu nun valor seguro da actual poesía galega: Luis González Tosar, O Che. Tempo despois andaron os dous metidos ata as cachas, con Suso da Illa e varios máis, nun fermoso proxecto que lles serviu para publicaren a revista *Dorna* coa que me sigo atopando con ledicia cada vez que busco algún libro na miña insoportablemente desordeada biblioteca.

De toda aquela quinta de inquedos e intelectualmente ben dotados aspirantes a protagonizar a literatura galega sempre foi Ramiro o que máis me interesou dende todos os puntos de vista. Fonte era un home sen trampa nen cartón que tiña un corazón tan grande coma cabeza. Pensaba as cousas, pero por riba de todo procuraba sentilas e vivilas por si mesmo. Era un auténtico pro-

Ramiro Fonte era una fuente limpia por la que no sólo manaba poesía. También corría por ella el amor a la gente, a los paisajes, a las cosas, al país y al mundo entero. Lo recordaré siempre como aquel mozalbete alegre e inquieto que solía aparecer a diario por mi casa cuando yo vivía en la Porta Faxeira de Santiago y él empezaba a ser el gran poeta y narrador que tuvo tiempo para hacerse a pesar de que la muerte lo llevó pronto de este mundo.

A menudo acudía acompañado por el que entonces era otra promesa de la literatura y que, también como él, se convirtió en un valor seguro de la poesía gallega: Luis González Tosar, *El Che*. Tiempo después anduvieron ambos metidos hasta las cachas, con Suso da Illa y varios más, en un hermoso proyecto que les valió para publicar la revista *Dorna* con la que me sigo encontrando con satisfacción cada vez que busco algún libro en mi insoportablemente desordenada biblioteca.

De toda aquella quinta de inquietos e intelectualmente bien dotados aspirantes a protagonizar la literatura gallega siempre fue Ramiro el que más me interesó desde todos los puntos de vista. Fonte era un hombre sin trampa ni cartón que tenía un corazón tan grande como la cabeza. Pensaba las cosas, pero sobre todo procuraba sentirlas y vivirlas por sí mismo. Era un auténtico probador de realidades y un sabio practicante de irrealidades. Si el puñetero cáncer no

Fondo (Ed. Follas Novas), que reaccionaba contra a poesía social dominante, que quería canalizar a través do discurso poético algún tipo de revolución social ou política. A tríade iniciadora do proxecto foron Xesús e Xulio Valcárcel e Ramiro Fonte. Eles foron os redactores do manifesto que precede aos textos poéticos, que remata coa consigna: “Por Galicia, pola poesía, Cravo Fondo, verba nova para unha terra ceibe”. Logo adheríronse Fiz Vergara Vilariño, Xesús Rábade Paredes, Helena Villar e Xavier Rodríguez Barrio. En opinión de Xesús Valcárcel, compañeiro de experiencia, “Xa daquela Ramiro tiña unha enorme vocación literaria. No libro *Cravo Fondo* Ramiro anuncia a chegada dun poeta chamado a cristalizarse como escritor”. Era tal a súa paixón pola poesía que o acto de creación ou a lectura dos seus poemas favoritos: Luís Cernuda, Baudelaire, César Vallejo, Machado, Rubén Darío, Pimentel, Cabanillas e sempre Rosalía (“poeta enteiramente insubornable”), podían acercalo a estados de intensa emoción e hipersensibilidade.

Foi membro do consello de redacción da revista *Bonaval*. No nº 0 (1979), o único que saíu á rúa, publicou unha nota introdutoria á *Doutrina da Moi Nobre Orde Galega do Sancto Graal*, en seis capítulos, texto recuperado de Vicente Risco. En 1981 participou na creación de *Dorna*, revista de “Expresión poética galega” e foi durante dez anos membro do comité de redacción. En *Dorna* conviviron poetas da xeración anterior á morte de Franco e os xurdidos desde finais dos setenta. Tamén colaborou na segunda xeira



Ramiro Fonte, en Compostela, co escritor Xosé Luis Franco Grande. |
Ramiro Fonte, en Compostela, con el escritor Xosé Luis Franco Grande.

bador de realidades e un sabedor practicante de irrealidades. Se o puñetero cancro non truncase a súa vida, Ramiro Fonte remataría sendo unha enciclopedia viva da cultura galega como foi Ramón Otero Pedrayo ou aínda é Francisco Fernández del Riego.

Cando eu marchei a Madrid, en 1984, el xa era moito máis ca unha promesa literaria e os nosos contactos, aínda que se espallaron, continuaron sempre con algún reencontro nos que eu percibía a mirada e o sorriso limpos de Ramiro como unha bafarada de ar puro. É unha das poucas persoas que andaron no negocio das letras á que nunca lle escoitei falar innecesariamente mal de ningún. Era un verdadeiro irmán de todos, o que as nais amorosas chaman un santiño.

Ultimamente parecía que a física se empeñaba en separarnos algo. Cando recibiu a homenaxe que tanto merecía e que lle deu Ferrol, botei de menos non estar presente por estar navegando polo mar Exeo. Sei ben que Ramón Loureiro lle deu constancia da miña obrigada ausencia e eu notei a súa emoción cando o chamei por teléfono dende Itaca. Cando Antón Louro me chamou para dicirme que morrera, estaba nun tren que me levaba de Milazzo a Palermo e aquel telefonazo foi coma unha metáfora: colleume entrando na escuridade dun túnel. En consecuencia, non lle puiden ir ao enterro.

Quizais por todo isto, pero tamén por moito máis, hoxe quero deixar constancia de que, coa morte de Ramiro Fonte, eu perdín un irmán moi querido. O irmán que era de todos. G

Perfecto Conde é xornalista.

hubiese truncado su vida, Ramiro Fonte acabaría siendo una enciclopedia viva de la cultura gallega como fue Ramón Otero Pedrayo o como aún es Francisco Fernández del Riego.

Cuando marché a Madrid, en 1984, él ya era mucho más que una promesa literaria y nuestros contactos, aunque se espallaron, siguieron siempre con algún reencontro en los que yo percibía la mirada y la sonrisa limpias de Ramiro como una bocanada de aire puro. Es una de las personas que anduvieron en el negocio de las letras a la que nunca le escuché hablar mal innecesariamente de nadie. Era un verdadero hermano de todos, lo que las madres amorosas llaman un santiño.

Últimamente parecía que la física se empeñaba en separarnos algo. Cuando recibió el homenaje que tanto merecía y que le dio Ferrol, eché de menos no estar presente por estar navegando por el mar Egeo. Sé bien que Ramón Loureiro le hizo constar el motivo de mi obligada ausencia y yo noté su emoción cuando le llamé por teléfono desde Itaca. Cuando Antón Louro me llamó para decirme que había muerto, estaba en un tren que me llevaba de Milazzo a Palermo y aquel telefonazo fue coma una metáfora: me agarró entrando en la oscuridad de un túnel. En consecuencia, no le pude ir al entierro.

Quizás por todo esto, pero también por mucho más, hoy quiero dejar constancia de que, con la muerte de Ramiro Fonte, yo perdí a un hermano muy querido. El hermano que era de todos. G

Perfecto Conde es periodista.



Ramiro Fonte cos tamén poetas Miguel Anxo Fernán Vello e Xavier Baixeras. | Ramiro Fonte con los también poetas Miguel Anxo Fernán Vello e Xavier Baixeras.

de *Nordés*, chalana que Luz Pozo Garza botou a navegar como “Revista de poesía y crítica” con cuberta de Luís Seoane, que contou co incansable mecenado de Isaac Díaz Pardo e a súa Edición do Castro.

Estas aventuras literarias de iniciación tiveron lugar nos anos universitarios de Ramiro en Compostela, nos que deu liberdade ao seu talento persoal (“que riquiño é”, recórdame Chedes Viña que dicían as rapazas da tertulia do Derby), á súa ansia intelectual

1981 participou en a creación de *Dorna*, revista de “Expresión poética galega” y fue durante diez años miembro del comité de redacción. En *Dorna* convivieron poetas de la generación anterior a la muerte de Franco y los aparecidos desde finales de los setenta. También colaboró en la segunda etapa de *Nordés*, chalana que Luz Pozo Garza echó a navegar como “Revista de poesía y crítica” con cuberta de Luis Seoane, que contó con el incansable mecenazgo de Isaac Díaz Pardo y su Edición do Castro.

Estas aventuras literarias de iniciación tuvieron lugar en los años universitarios de Ramiro en Compostela, en los que dio libertad a su talento personal (“que riquiño é”, me recuerda Chedes Viña que decían las chicas de la tertulia del Derby), a su ansia intelectual por conocer la obra de escritores plurales y heterogéneos y al estudio de todas las teorías poéticas posibles,

sin perder de vista la Metafísica y Aristóteles. Aprendió a traspasar y tendió puentes de diálogo con la generación anterior a la suya, la de los supervivientes del 68, y se afilió al Partido Socialista Galego (PSG): “Cando eu me dispuxen a facer o que a inmensa maioría dos mozos do meu tempo, e escollín un partido no que militar, rexeitei o sectarismo da extrema esquerda e, non sei se levado por un afán de liberalismo e galeguismo cultural, escollín un partido socialista, o PSG. Xosé Ma-

Ramiro Ramiro perseguidor de poesía perseguidor de poesía

SUSO DE TORO

Como é que hai adolescentes que se obsesionan coa ilusión de que poden conseguir que a musa da poesía os amadrine?, que os ilumine e os manteña enfeitizados? Como é que hai rapaces e rapazas que desexan ser raptados por unha meiga e vivir nunha illa encantada? A astucia do Ulises salvouno, permitiulle escapar do reino de Circe, fuxiu daquel reino, zafouse daquel feitizo e voltou á aventura de vivir. Mais, pobres dos que son inocentes e só saben vivir a vida a través da imaxinación. Ramiro foi un deses adolescentes seducidos para sempre pola fantasía que crean as palabras. Toda a súa vida foi un perseguidor de poesía.

E perseguiu con furia. Pocos escritores se toman a vocación tan a serio como el o fixo, poucos perseguiron a musa con tal violencia, poucos pillaban libros de poesía con tal cobiza, como un cazador obsesivo. Corría tras da poesía e cando cansaba e des-

¿Cómo es que hay adolescentes que se obsesionan con la ilusión de que pueden conseguir que la musa de la poesía los amadrine, que los ilumine y los mantenga hechizados? ¿Cómo es que hay muchachos y muchachas que desean ser raptados por una maga y vivir en una isla encantada? La astucia del Ulises lo salvó, le permitió escapar del reino de Circe, huyó de aquel reino, se zafó de aquel hechizo y volvió a la aventura de vivir. Más pobres de los que son inocentes y sólo saben vivir la vida a través de la imaginación. Ramiro fue uno de esos adolescentes seducidos para siempre por la fantasía que crean las palabras. Toda su vida fue un perseguidor de poesía.

Y la persiguió con furia. Pocos escritores se toman la vocación tan en serio como él lo hizo, pocos persiguieron la musa con tal violencia, pocos pillaban libros de poesía con tal codicia, como un cazador obsesivo. Corría tras la poesía y cuando se cansaba y desfallecía llamaba por ella con desesperación. Persistió y con los años conoció la

por coñecer a obra de escritores plurais e heteroxéneos e no estudo de todas as teorías poéticas posibles, sen perder de vista a Metafísica e Aristóteles. Aprendeu a trasnoitar e tendeu pontes de diálogo coa xeración anterior a el, a dos superviventes do 68, e afiliouse a Partido Socialista Galego (PSG): “Cando eu me dispuxen a facer o que a inmensa maioría dos mozos do meu tempo, e escollín un partido no que militar, rexeitei o sectarismo da extrema esquerda e, non sei se levado por un afán de liberalismo e galeguismo cultural, escollín un partido socialista, o PSG. Xosé Manuel Beiras, o seu líder, era daquela unha estrela rutilante da esquerda posibilista en Galicia”. No PSG entrou de man de Bonifacio Borreiros, compañeiro de bacharelato no Colexio Tirso de Molina de Ferrol, no que tamén coincidiu con outros amigos da adolescencia como Colás Placer, Xan Ramón Amado, Chisco Casal, Luís Barral e Antón Louro. Coma militante participou en pegadas de carteis, na distribución de manifestos e da revista *Galicia Socialista*, asistiu a reunións, mesas redondas e reunións nas que se falaba dunha Galicia soberana, de democracia republicana, de socialismo, de igualdade e xustiza social, que foron principios aos que sempre se mantivo fiel (“partidarios sen reserva das xustas rebeldeas, seguimos inconformes coa inxustiza” (*O cazador de libros*, 1997). De certos aspectos da época ferrolá, como o choque abrupto

“Outro momento máxico na infancia eumesa de Ramiro Fonte foi o descubrimento de Rosalía de Castro”

de Rosalía de Castro, o seu líder, era daquela unha estrela rutilante da esquerda posibilista en Galicia”. En el PSG entrou de la mano de Bonifacio Borreiros, compañero de bachillerato en el Colegio Tirso de Molina de Ferrol, en el que también coincidió con otros amigos de la adolescencia como Colás Placer, Xan Ramón Amado, Chisco Casal, Luis Barral y Antón Louro. Como militante participó en pegadas de carteles, en la distribución de

“Otro momento mágico en la infancia eumesa de Ramiro Fonte fue el descubrimiento de Rosalía de Castro”

manifestos y de la revista *Galicia Socialista*, asistió a reuniones, mesas redondas y reuniones en las que se hablaba de una Galicia soberana, de democracia republicana, de socialismo, de igualdad y justicia social, que fueron principios a los que siempre se mantuvo fiel (“partidarios sen reserva das xustas rebeldeas, seguimos inconformes coa inxustiza”, *O cazador de libros*, 1997). De ciertos aspectos de la vida ferrolana, como el choque

abrupto que le supusieron los sucesos del 10 de marzo de 1972, y de la dorada progresía de la etapa de Santiago “aquella cidade na que convivían as vidas retrógadas dos cregos, comerciantes e taberneiros, coas vidas irreais dos estudantes”, se refiere Ramiro en la novela *Os leopardos da lúa*, publicada por Galaxia en 1993. A esa altura fue cuando yo lo conocí, que le di entrada como colaborador de la *Gran Enciclopedia Gallega*. Coincidí mucho con él en el momento en que preparaba la Habili-

falecía chamaba por ela con desesperación. Persistiu e cos anos coñeceu a lección que dá a vida, o desenganho de ver que a vida sempre corre máis que un e se nos escapa fatalmente.

Esa vocación sen volta, esa vida entregada á procura de palabras para decirse a el propio levouno a buscar o trato dos poetas máis radicais, a querer saber da fonte na que bebían os románticos alemáns, eses aventureiros do espírito que se subían montañas e se extraviaban nas fragas escuras. Iso foi Ramiro, un aventureiro extraviado por esas vereas antigas. Para entendela como poeta, o seu camiño, o seu modo de estar hai que pensar nesa idea da poesía tan vivencial. Porque Ramiro estivo entre nós como poeta, viviu como poeta e morreu como poeta. Só así se pode comprender que tendo unha vida profesional establecida vivise con xesto dramático, precisaba daquel vivir seu en perpetuo desgusto, necesitaba vivir ferido. Aquela ferida era o mecanismo que o movía a seguir vivindo como poeta.

Que para que os poetas? De seguro que Ramiro había procurar a resposta no Hölderlin: para ultrapasar límites, para virarmos locos, para recordar a orixe. G

Suso de Toro é escritor.

lección que da la vida, el desengaño de ver que la vida siempre corre más que uno y se nos escapa fatalmente.

Esa vocación sin vuelta, esa vida entregada a la búsqueda de palabras para decirse a él mismo lo llevó a buscar el trato de los poetas más radicales, a querer saber de la fuente en la que bebían los románticos alemanes, esos aventureros del espíritu que subían montañas y se extraviaban en los bosques oscuros. Eso fue Ramiro, un aventurero extraviado por esos caminos antiguos. Para entenderlo como poeta, su camino, su modo de estar hay que pensar en esa idea de la poesía tan vivencial. Porque Ramiro estuvo entre nosotros como poeta, vivió como poeta y murió como poeta. Sólo así se puede comprender que teniendo una vida profesional establecida viviera con gesto dramático, precisaba de aquel vivir suyo en perpetuo disgusto, necesitaba vivir herido. Aquella herida era el mecanismo que lo movía a seguir viviendo como poeta.

¿Que para qué los poetas? Seguramente Ramiro habría buscado la respuesta en el Hölderlin: para ultrapasar límites, para volvernos locos, para recordar el origen. G

Suso de Toro es escritor.

to que lle supuxeron os sucesos do 10 de marzo de 1972, e da doutrada progresía da etapa de Santiago “aquela cidade na que convívían as vidas retrógradas dos cregos, comerciantes e taberneiros, coas vidas irreais dos estudantes”, refírese Ramiro na novela *Os leopardos da lúa*, publicada por Galaxia en 1993. A esa altura foi cando eu o coñecín, que lle din entrada como colaborador da *Gran Enciclopedia Gallega*. Coincidín moito con el nun momento no que preparaba a Habilitación para profesor de galego, que foi en 1982, segundo Foz, que compartía con el o piso que a hospitalidade de Pepe Caamaño lles deixou utilizar na travesía do Hórreo. Xa daquela se distinguía coma un rapaz honesto, audaz na conversa e mordaz a veces, pero sempre cheo de ternura e dozura.

Xa licenciado e de profesor de Instituto escolle Vigo para instalarse. En Vigo pasara Ramiro moitas estadias estivais. As tres moradas da súa infancia son a casa de Esteiro, a aldea do pai, a

tación para profesor de galego, que fue en 1982, según Foz, que compartía con él el piso que la hospitalidad de Pepe Caamaño les dejó utilizar en la travesía del Hórreo. Ya entonces se distinguía como un chaval honesto, audaz en la conversación y mordaz a veces, pero siempre lleno de ternura y dulzura.

Ya licenciado y de profesor de Instituto escoge Vigo para instalarse. En Vigo pasará Ramiro muchas temporadas estivales. Las tres casas de su infancia son la casa de Esteiro, la aldea del padre, la de la plaza de las Angustias, en la que nació, y la del Calvario en la casa de los abuelos Berta y Paco. Y al Instituto de ese barrio alto de Vigo le dedicó durante veinte años, de lunes a viernes, sus horas laborables. Asumió la condición de ciudadano vigués y en esta ciudad maduró personal y literariamente y tuvo la fortuna de unir su vida a la de Elsa, sin duda lo mejor que le ofreció la vida.

Fonte ou o mar na fragancia da ribeira

Fonte o el mar en la fragancia de la ribera

Manuel BRAGADO

Ramiro Fonte adoitaba recordarnos unha frase de Gérard de Nerval: «a voz do poeta é a voz de todos os homes». Abatidos pola dor inaturable da súa ausencia, é moi difícil escoller as palabras esenciais para expresar a gratitude infinita de todos os que tivemos a enorme fortuna de gozar da súa amizade inquebrantable, do seu abrazo agarimoso de irmandade e esperanza, da súa voz de poeta máximo que cantou para todos e por todos.

